

ANEXO X

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

(Aprobado o 29/06/2012)

Estarase ao disposto nos seguintes Protocolos establecidos pola Consellería de Educación:

- Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de protección de datos.
- Protocolo de consenso sobre o TDAH.

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) regula a educación dos estudantes de todo o Estado Español, existindo algunhas diferenzas no desenvolvemento desta Lei en función da capacidade das diferentes Comunidades Autónomas para axustar algúns aspectos do curriculum e da organización da resposta ás súas necesidades particulares.

Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garante unha educación común para todo o alumnado, adoptárase a atención á diversidade como principio fundamental de conformar unha sociedade diversa que obriga a aprender a vivir no respecto a esa diversidade, buscando nos seus coñecementos e intercambios, motivos e razóns suficientes para o enriquecemento de todos.

Esta diversidade ten unha ampla representación nas aulas, xa que é nese escenario educativo no que se dan de forma continua e permanente manifestacións da diversidade do alumnado que as conforman.

Fronte ás semellanzas atopámonos con multitude de diferenzas persoais que nos definen a cada un como ser único e diferente dos demais: cor da pel, sexo, relixión, capacidades intelectuais, crenzas, culturas....

A expresión “atención á diversidade” non fai referencia unicamente a un determinado tipo de alumnado con discapacidade, con trastornos de conduta ou de personalidade ou outro tipo de manifestación, senón a todo o alumnado escolarizado en cada grupo-clase do centro educativo., así, no preámbulo da LOE podemos ler:

(...La atención a la diversidad se establece como principio fundamental que debe regir toda la enseñanza básica, con el objetivo de **proporcionar a todo el alumnado una educación adecuada a sus características y necesidades...**)

(...La atención a la diversidad es una necesidad que abarca a todas las etapas educativas y a todos los alumnos. Es decir, se trata de contemplar la **diversidad de la alumnas y los alumnos como principio y no como medida** que corresponde a las necesidades de unos pocos...)

Entre os **principios** nos que se inspira o sistema educativo español, no ámbito da diversidade destacamos:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non

discriminación, que actúa como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais con especial atención ás que se derivan de discapacidade.

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Educación na diversidade supón pensar nunha escola para todos, nunha escola que inclúa as diferenzas e exclúa as desigualdades.

Só desde a convicción do carácter positivo e enriquecedor dunha realidade diversa é posible afrontar os temores e as resistencias aos cambios que nos impedirían ofrecer unha educación adaptada á variedade das capacidades, intereses e motivacións do alumnado.

Desde esta perspectiva, é necesario que se desenvolvan procesos de ensino-aprendizaxe adaptados ao grupo e aos individuos, nos que exista unha reflexión sobre:

ANTES : Que, como e cando ensinar e avaliar e organizarse para facelo

DURANTE: Valorar o que está ocorrendo de acordo co que se pretendía e no caso de ser necesario que medidas correctoras hai que tomar.

DEPOIS: Que conseguimos con respecto ao previsto e non previsto.

*No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, defínese a **Atención á Diversidade** como “..o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e finalidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (artigo3)*

No artigo 4 do citado decreto sobre principios xerais de actuación

1. A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade;

interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. CONTEXTO LEGAL

- *Lei Orgánica 2/2006 de maio de Educación. (BOE de 4 de maio).*
- *Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. (BOE do 14 de xullo)*
- *Lei orgánica 8/1995 de 3 de xullo reguladora do dereito á educación (coas modificacións realizadas pola LOE nos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 25, 31,36.1, 57 e 62).*
- ***Decreto 229/2011, do 7 de decembro*** , polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
 - *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. no 79, do 27 de abril de1998).*
 - *Decreto 30/2007, do 15 de marzo polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE.(DOG do 16 de marzo).*
 - *Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 19 de marzo de 2007). (Corrección de erros.*
 - *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 30 de xaneiro de2003).*
 - *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo).*
 - *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanza de réxime xeral, e se*

- establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro de 1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro).
 - Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 6 de agosto de 1996).
 - Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. no 213 do 7 de novembro de 1995).
 - Orde do 20 de febreiro de 2004 que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. (DOG no 40 do 26 de febreiro).
 - Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. Do 31-7-2003).
 - Decreto 374/1996 de 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
 - Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o anterior Decreto.
 - Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación infantil. (BOE do 4 de xaneiro de 2007).
 - Real decreto 1513/2006 do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación primaria. (BOE do 8 de decembro).
 - Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09/07/2007)
 - Orde do 23 de novembro, de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 30 de novembro de 2007)
 - Circulares: 18/2002 , 17/2003, 23/2004, 20/2005 e 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais polas que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

2.2. CONTEXTO DO CENTRO

A) Localización

O CEIP Ramón de la Sagra está ubicado entre o Barrio de las Flores e a 2º fase do polígono de Elviña. Comezou a funcionar no ano 1973 co nome de CP de EXB Elviña . Pola Orde do 18/06/96 transformouse en CEIP Ramón de la Sagra , quedando adscrito ao IES Otero Pedrayo

A súa zona de influencia abrangue as rúas situadas ao Leste da Avda. de Alfonso Molina , a Avda. De Monelos , a estrada de Eirís e ábrese cara a Matogrande.

B) Tipo de poboación que atende

Na zona de influencia hai dous de poboación: a do Barrio das Flores que son familias asentadas desde hai moitos anos e a de Matogrande que está formada por familias asentadas recentemente por ser un barrio de nova creación.

En xeral pódese dicir que, a maioría, son traballadores por conta allea e, en moitos casos traballan pai e nai, inda que, no momento actual está aumentando o número de parados.

Moitos dos alumnos e alumnas do noso centro son fillos e/ou netos de antigos alumnos.

C) Alumnado

Actualmente o colexio conta con 432 alumnos/as que conforman un alumnado plural procedente dun medio tan heteroxéneo como o barrio no que está ubicado. Tamén acoden ao centro alumnos/as que viven na antiga Conserveira Celta da Ponte Pasaxe; alumnado de etnia xitana e alumnado procedentes do estranxeiro. Nos últimos cursos obsérvase un considerable aumento de familias desestructuradas.

Os alumnos/as, agás contadas excepcións, asisten con regularidade ás clases e participan nas actividades vespertinas de aulas e Luditarde e Ludiáxiles, organizadas polo concello e xestionadas pola ANPA do centro. Un elevado número de alumnado asiste ao programa “Madrugadores” que comeza ás 7:30 da mañá e outros fan uso do comedor escolar .

D) Dependencias

O edificio consta de planta baixa e tres ten andares

Na planta baixa hai sete aulas destinadas a E. Infantil, os servizos hixiénicos, a biblioteca, a aula de música e o comedor.

No primeiro andar están ubicadas seis aulas, os servizos hixiénicos, O despacho da Dirección, a Secretaría, a aula de P.T., despacho de Orientación e unha pequena dependencia na que imparte clase a profesora de E. Compensatoria

No segundo andar hai sete aulas, servizos hixiénicos, sala do profesorado, aula de informática e dous pequenos espazos nos que se ubican a aula de A.L. e a de apoio ao alumnado hipoacúsico

E) Claustro

O claustro está formado maioritariamente por profesorado con destino definitivo.

O catálogo de postos de traballo é de 28 e ademais: 2 profesoras de Relixión Católica (1 a tempo completo e 1 a tempo parcial), 1 profesora de E. Compensatoria (compartida co CEIP María Pita), 1 profesora, a tempo parcial, para apoio do alumnado hipoacúsico e 1 profesor de P.T a tempo parcial.

F) Persoal non docente

Contamos con 1 conserxe, 3 persoas de persoal de limpeza e 1 coidador dependente da Consellería.

G) Outros centros educativos da zona

Na zona tamén están ubicados outros centros educativos: CEIP María Pita, CEE Nosa Señora do Rosario e IES Otero Pedrayo

E) Recursos sociocomunitarios complementarios: Centros Cívicos, bibliotecas...

Moi próximos ao colexio hai unha boa oferta de servizos que inflúen na calidade de vida do barrio: biblioteca pública González Garcés, asociacións culturais, instalacións deportivas, centro de saúde, centro de 3ª idade, centro cívico de Monelos, mercado municipal, grandes almacéns, hipermercado, estación de ferrocarril e estación de autobuses...

3. ORDENACION DAS ENSEÑANZAS E DAS ETAPAS DE INFANTIL E PRIMARIA NO ACTUAL SISTEMA EDUCATIVO NO MARCO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A ETAPA DE LA EDUCACION INFANTIL

A Educación Infantil é unha etapa educativa con entidade propia, de carácter voluntario e unha intencionalidade educativa non necesariamente escolar.

Organizada en dous ciclos de tres anos cada un, o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo, gratuíto, desde os tres ata los seis años de idade. A finalidade desta etapa é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos alumnos.

Etapa	Ciclo	Curso	Anos
INFANTIL	1º (0-3 años)	1º infantil	0 – 1
		2º	1 – 2
		3º	2 – 3
	2º (3-6 años)	4º infantil	3 – 4
		5º	4 – 5
		6º	5 – 6

O art. 8 del R.D. 1630/2006 establece que **na etapa de Educación Infantil, a intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivos dos nenos e nenas, dada a importancia, nestas idades, do ritmo e proceso madurativo.**

A ETAPA DA EDUCACION PRIMARIA

Etapa	Ciclo	Curso	Anos
PRIMARIA	1º (6-8 años)	1º primaria	6 – 7
		2º	7 – 8
	2º (8-10 años)	3º primaria	8 – 9
		4º	9 – 10
	3º (10-12 años)	5º primaria	10 – 11
		6º	11 – 12

Nesta etapa ponse énfase especial na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e dos obxectivos da etapa, deberán establecerse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, estableceranse os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, a fin de atender ao alumnado con necesidades educativas especiais.

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

En primeiro lugar recordemos que cando falamos de necesidades estamos a referirnos á totalidade do alumnado que pode presentar algún tipo de necesidade ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe., en segundo lugar pasamos a presentar á clasificación que, se fai na LOE, do alumnado segundo as necesidades que presenta e que características presentan e por último faremos referencia á identificación e valoración das citadas necesidades

4.1. O alumnado con necesidade específica de apoio educativo (título II da LOE)

Son aqueles alumnos/as que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por as súas altas capacidades intelectuais, por a súa incorporación tardía ao sistema educativo , ou por condicións persoais ou de historia familiar.

Entre os **principios que deben contemplar as administracións educativas** para regulamentar a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, atópanse os seguintes (Art. 71, LOE)

- ✓ **Dispoñer dos medios necesarios** para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na LOE.
- ✓ **Asegurar os recursos necesarios** para que estes alumnos poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
- ✓ **Establecer, así mesmo, os procedementos e recursos precisos** para identificar temperamente as necesidades educativas específicas dos alumnos citados no anterior apartado. atención integral ao alumnado con necesidade específica de de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa detectada e rexerese polos principios de normalización e inclusión .
- ✓ **Garantir a escolarización**, regulamentar e asegurar a participación dos pais ou tutores nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos deste alumnado.

Entre os recursos a utilizar polas administracións educativas para o logro dos fins sinalados **cabe sinalar** (LOE, Art. 72):

- ✓ **Dispoñer do profesorado das correspondentes especialidades e dos medios e materiais precisos para a adecuada atención a este alumnado.**

- ✓ **Dotar aos centros públicos e privados concertados dos recursos necesarios** para atender adecuadamente a este alumnado.
- ✓ **Promover a formación do profesorado** e de outros profesionais relacionados co tratamento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- ✓ **Colaborar con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións**, para facilitar a escolarización e unha mellor incorporación deste alumnado ao centro educativo.
- ✓ **Os centros realizarán as adaptacións e diversificacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos.**

4.1.1 Alumnado con necesidades educativas especiais (loe, art. 73 a 75)

Son aqueles alumnos que requiren, por un período da súa escolarización ou a lo largo de toda ela determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta. (LOE, artigo 73)

A escolarización destes alumnos rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo.

A escolarización comezará e finalizará coas idades establecidas con carácter xeneral para o nivel e a etapa correspondente, podendo introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas cando se considere necesario.

A escolarización deste alumnado só se levará a cabo en unidades ou centros de educación especial cando as necesidades do alumno/a non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios. Neste caso, poderá estenderse ata os vinteún anos.

A atención integral ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais iniciárase desde o mesmo momento en que a necesidade sexa detectada.

4.1.2. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Considérase que un alumno ou alumna presenta «**Dificultades específicas de aprendizaxe**» cando amosa algunha perturbación en algún dos procesos psicolóxicos básicos implicados na utilización da linguaxe oral ou escrita. Estas alteracións poden aparecer como anomalías ao escoitar, falar, pensar, ler, escribir ou ó realizar cálculo aritmético. Aínda que as DEA poden presentarse simultaneamente coa la discapacidade intelectual, sensorial ou motora, co

trastorno emocional ou con influencias extrínsecas, como problemas socioculturais ou escolarización desaxustada, non son o resultado destas condicións ou influencias.

O inicio do proceso de detección debe levarse a cabo unha vez constatado o desfase curricular respectivo na lectura, escritura e cálculo en relación aos escolares da súa mesma idade. O proceso de identificación debe iniciarse co alumnado detectado despois da aplicación de programas de mellora tanto na lectura como na escritura e cálculo, sen acadar a competencia curricular propia da súa idade

As DEA pódense clasificar en:

a) Dificultades específicas da aprendizaxe da lectura ou dislexia

O alumnado con «Dificultades específicas de aprendizaxe na lectura ou dislexia» é aquel que manifesta un desfase curricular na área ou materia de Lingua e Literatura e, especificamente, nos contidos relacionados coa lectura e a escritura.

b) Dificultades específicas de aprendizaxe da escritura ou disgrafía

O alumnado con «Dificultades específicas de aprendizaxe da escritura ou disgrafía» é o que manifesta un desfase curricular na área ou materia de Lingua e Literatura e, especificamente nos contenidos relacionados coa escritura.

c) Dificultades específicas de aprendizaxe do cálculo aritmético ou discalculia

O alumnado con «Dificultades específicas de aprendizaxe en cálculo aritmético ou discalculia» é aquel que ten un desfase curricular na área ou materia de matemáticas e, especificamente, nos contenidos relacionados co cálculo e razoamento aritmético.

d) Dificultades específicas de aprendizaxe da linguaxe oral

O alumnado con «Dificultades específicas de aprendizaxe da linguaxe oral» manifesta de maneira precoz, unha alteración das pautas normais do desenvolvemento da linguaxe oral. Estas dificultades comprenden os trastornos da linguaxe expresiva, da linguaxe receptiva-expresiva, e do procesamento de orden superior (léxico-sintáctico e semántico-pragmático).

4.1.3. Alumnado con altas capacidades intelectuais (LOE, art. 76 y 77)

O alumnado con altas capacidades intelectuais é considerado pola Lei **Orgánica 2/2003, de 3 de maio, de Educación (LOE)**, como alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Escolarizaranse nun contexto normalizado, en centros que, polas súas condicións, poidan prestarlles unha atención adecuada ás súas características.

Para ofrecerlles a atención e as axudas educativas que necesitan, ademais da súa identificación temperá, os centros deberán concretar a oferta educativa e as medidas para o desenvolvemento pleno e equilibrado das súas capacidades desde un contexto escolar normalizado.

Poderá flexibilizarse a duración dos diversos niveis e etapas educativas, independentemente da idade dos alumnos, de acordo coas normas establecidas ao efecto, de forma que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa ou reducirse a duración da mesma, cando se prevea que son estas as medidas máis axeitadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

No caso das ensinanzas de réxime xeral, a medida de incorporar aos alumnos a un curso superior ao que lles corresponde pola súa idade, poderá adoptarse ata un máximo de tres veces no ensino básico e unha soa vez nas ensinanzas postobligatorias.

4.1.4 Alumnado con integración tardía no sistema educativo español (LOE, art. 78)

Son **os alumnos que se incorporan tardiamente ao sistema educativo** por proceder de outros países ou por calquera outro motivo e, polo tanto, poden precisar unha atención educativa diferente á ordinaria.

Atendendo as súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico, **débeselles garantir a escolarización, de maneira que se poidan incorporar ao curso máis adecuado as súas características** e coñecementos previos,cos apoios oportunos, e poder continuar con aproveitamento a súa educación.

O desenvolvemento de programas específicos para os alumnos que presenten graves carencias lingüísticas, ou carencias nas súas competencias ou coñecementos básicos será simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios, conforme ao nivel e evolución da súa aprendizaxe.

Os alumnos que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo, **poderán ser escolarizados no curso inferior ao que lles correspondería pola súa idade**. Para este alumnado deberán adoptarse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

4.1.5. Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar desfavorecida

Para facer efectivo o principio de igualdade no exercicio de dereito á educación débense desenvolver accións de carácter compensatorio en relación co alumnado que se atope en situacións desfavorecidas e evitar desigualdades derivadas de condicións persoais e sociais (económicas, culturais, étnicos...)

A identificación e valoración das necesidades deberá entenderse como un proceso continuo que implica diversas actuacións: recollida de información, valoración da información que se considere relevante e toma de decisións.

Se consideramos que:

➔ A aula é o contexto por excelencia no que se produce á aprendizaxe dos alumnos. Isto significa que é nela onde se produce a concreción última do curriculum, coa finalidade de dar a resposta educativa máis adecuada á diversidade de alumnos escolarizados nela.

➔ A tutoría é o nivel básico de contacto persoal profesor- alumno e profesor- familia e forma parte da función docente. O seu obxectivo prioritario é dar resposta a un fenómeno característico de todo o sistema educativo: a heteroxeneidade das aulas.

Está claro que **a primeira é máis importante actuación será o desenvolvemento adecuado das funcións da acción tutorial como medio máis eficaz para coñecer a cada alumno/a e identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe.** Para levar a cabo esta función contará con:

➤ **A avaliación inicial** que deberá realizarse a principios de curso a todo o alumnado; esta avaliación constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade que nos aportará unha información completa e ordenada que nos permitirá coñecer a situación de cada alumno/a e tomar as medidas adecuadas as súas características e/ou necesidades e así está recollida na normativa *“será tarefa prioritaria da persoa titora e de todo o profesorado implicado a detección temperá das dificultades para tomar as decisións máis axeitadas para superalas”*

➤ **A avaliación psicopedagóxica** que poderá solicitarse ao Departamento de Orientación cando, dos resultados da avaliación inicial e continua, se detecten necesidades especiais que precisen dun estudio máis completo para poder determinar que tipo de medidas, distintas as ordinarias tomadas na aula, sexa preciso tomar.

Á hora de avaliar deberase considerar a importancia de varios aspectos que nos proporcionaran un

coñecemento máis completo do alumno/a ; estes aspectos son:

A competencia curricular: priorizar áreas de avaliación, decidir criterios atendendo ao momento en que se avalía e considerar a adecuación do referente avaliativo en función do alumno/a.

O estilo de aprendizaxe: coñecer “como aprende” o alumno/a, é decir, os procesos cognitivos, motivacionais e afectivos que expresan como se enfrenta á tarefa de aprender.

O contexto escolar: psicosocial, condutual, organizativo....

O contexto sociofamiliar: aspectos xerais que poden incidir no desenvolvemento do alumno/a.

Os procesos de ensino-aprendizaxe: deberase ter en conta non só os procesos de aprendizaxe dos alumnos, senón tamén os procesos de ensinanza; é dicir, facer explícita a forma de ensinar para poder, no caso de ser preciso, eliminar determinadas formas que non resultan de utilidade.

➤ **O informe psicopedagógico** no que deberán constar as conclusións da avaliación psicopedagóxica coa concreción do tipo de necesidades detectadas e as orientacións sobre: proposta de escolarización, axudas e/ou recursos necesarios e procedemento de revisión e/ou actualización do informe.

O informe psicopedagógico deberá adxuntarse ao expediente escolar do alumno/a e deberá informarse á familia dos resultados da avaliación.

➤ **O ditame de escolarización** cando se detecte que o alumno/a presenta NEE e precisa de recursos extraordinarios de atención educativa e/ou unha modalidade de escolarización distinta á ordinaria e levarase a cabo nas seguintes situacións

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

O ditame de escolarización consiste nun informe persoal dunha alumna ou dun alumno elaborado

polos servizos de Orientación, no cal *se recollerán*, cando menos:

- a) As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- b) As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.
- c) A proposta de escolarización.
- d) A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

A elaboración do ditame de escolarización corresponderá á xefatura do Departamento de Orientación, ou ao cargo equivalente nos centros privados concertados, do centro en que está escolarizada a alumna ou o alumno ou para o cal solicita a súa escolarización por primeira vez, quen poderá contar, de ser o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico correspondente.

No caso de cambio de centro escolar, pero dentro do mesmo tipo de ensinanzas, revisarase o último ditame de escolarización e non será necesario elaborar un novo ditame agás que haxa circunstancias que así o requiran ou que o dito traslado supoña, tamén, un cambio na modalidade de escolarización. A revisión e, de ser o caso, elaboración dun novo ditame correspóndelle á xefatura do Departamento de Orientación do centro que recibe a solicitude de escolarización, que requirirá ao centro de procedencia, a través das respectivas direccións, a información escrita que corresponda.

Cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dun alumno ou dunha alumna ou cando circunstancias especiais así o aconsellen, ademais do ditame de escolarización que elabore a xefatura do Departamento de Orientación do centro correspondente, a xefatura territorial de Educación poderá requirir ao equipo de orientación específico a elaboración dun ditame complementario ao emitido pola xefatura do Departamento de Orientación do centro educativo.

5. OBXECTIVOS

- ✓ Servir de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.
- ✓ Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.

- ✓ Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- ✓ Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- ✓ Garantir a actuación coordinada de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- ✓ Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro.
- ✓ Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- ✓ Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co alumnado con NEAE.
- ✓ Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- ✓ Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.

6. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS A ADOPTAR PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Calquera actuación tanto de índole organizativo como curricular e de coordinación que se leve a cabo no proceso de planificación ou no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe para atender a diversidade do alumnado deberán artellarse a través de:

- ✘ Proxecto educativo do centro e programacións curriculares de aula
- ✘ Plan de Acción Titorial.
- ✘ Plan de Orientación

- × Plan de Acollida
- × Medidas de atención á diversidade

Proxecto educativo do centro e programacións curriculares de aula

A atención á diversidade formará parte de toda a programación didáctica na que estarán explícitas as medidas a tomar e as canles de actuación.

Plan de Acción Tutorial

Dentro deste plan incluíranse actuacións específicas para o alumnado con NEAE e as súas familias, así como outras actuacións que deán resposta á diversidade motivacións, intereses e culturas.

Plan de Orientación

A finalidade de a orientación educativa é facilitar o desenvolvemento harmónico e integral do alumnado, promovendo actuacións encamiñadas á individualización da ensinanza e a normalización da atención educativa.

Plan de Acollida

Este plan está dirixido a todo o alumnado que se incorpora ao centro. No noso centro existe un plan específico para o alumnado que se incorpora na etapa de E. Infantil que seguirá un período de adaptación progresivo (no caso de alumnado de 3 anos) e en estreito contacto coa familia, e un plan xeral para o resto do alumnado que se incorpora procedente de outros centros ou do estranxeiro.

6.1.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco do decreto 229/2011, enténdense por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención á intervención directa específica e, incluso, extraordinaria. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

6.1.1. Medidas ordinarias

- Son as actuacións e programas dirixidos a previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves mediante a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado . Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe e teñen como finalidade co fin de que a totalidade do alumnado acade as competencias básicas establecidas nos obxectivos xerais de curso, etapa e/ou nivel.

Estas medidas poden ser: organizativas e curriculares

A) Medidas organizativas:

As medidas de tipo organizativo van a estar condicionadas pola dotación da plantilla do centro e polo tipo de necesidades educativas do alumnado escolarizado ; son, polo tanto, medidas que é preciso revisar e modificar, no caso de ser necesario, cada novo curso escolar.

Entre as medidas de tipo organizativo considéranse importantes as seguintes:

- Aproveitar ao máximo os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como unha adecuada organización dos mesmos.
- Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que se posibilite a posta en marcha das medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do centro.
- Organizar a distribución dos tempos tendo en conta que esta distribución se realiza en función das necesidades do alumnado e que está suxeita a modificacións permanentemente. De feito os horarios refanse ao longo do curso cando cómpre.
- Coordinar a actuación dos diferentes profesionais. Facilitar, desde a organización do centro, a coordinación necesaria entre os profesionais que interveñen co alumnado.
- Organizar as medidas de apoio: terá unha atención especializada o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas, por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta.

- Definir as funcións e responsabilidades dos diferentes profesionais.
- Clarificar o modelo de intervención.
- Definir e establecer criterios xerais para determinar que nenos/as han de recibir apoio, así como cando e de que tipo.
- Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas as súas características e necesidades.
- Organizar grupos de reforzo. Contemplar a posibilidade de organizar actividades de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado e na distribución inicial dos agrupamentos. (apoios, desdobres...).
- Organizar grupos de aprendizaxe co fin de reforzar as áreas instrumentais nas que o alumnado non acade o nivel de desenvolvemento previsto.
- Organizar actividades de recuperación co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de áreas, ou materias non superados en cursos anteriores. A tal efecto, incluíranse planificación do curso as medidas organizativas oportunas.
- Organización de programas individuais e grupais: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudo, de estimulación, de enriquecemento cognitivo, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Reducir o número de profesorado que atende a alumnos e alumnas ou a grupo con características específicas. Cando as características dun alumno/a ou dun grupo de alumnos/as o requira, procurarase que o equipo docente que lle atende este composto polo menor número posible de profesorado.
- Realizar un seguimento individualizado de aqueles alumnos e alumnas cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.
 - Revisar o nivel de participación dos pais/nais así como a relación coa comunidade.

B) Medidas curriculares

- Priorizar obxectivos e seleccionar os contidos mínimos propios do ciclo.

- Variar a temporalización dos mesmos.
- Incluír obxectivos relativos a aspectos que o alumno considere relevantes ou que, en todo caso, sexan relevantes no entorno ao que pertence o alumnado.
- Enriquecer o currículo das áreas con referencias e aportacións de diferentes culturas.
- Distinguir entre os contidos que se consideran fundamentais e os que teñen un carácter complementario, de forma que os contidos básicos sexan os mínimos para todo o grupo e, polo tanto, neles se centrará o traballo con aquel alumnado que presente determinadas dificultades de aprendizaxe, mentres os de carácter complementario irán destinados a aquel alumnado sen dificultades para o aprendizaxe ou para aquel outro que está especialmente dotado.
 - Preparar actividades complementarias, de ampliación ou profundización, dirixidas a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez. Este bloque de actividades centrarase sobre os contidos que non se consideran fundamentais para o desenvolvemento das capacidades básicas.
- Ampliación. Medidas de profundización e enriquecemento para o alumnado de altas capacidades, se deberán propor actividades de profundización e enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- Afianzar os contidos do ciclo anterior.
- Adaptar materiais didácticos.
- Insistir no desenvolvemento das capacidades de tipo afectivo, fomentando a seguridade e a autoestima do alumnado.
- Vincular os obxectivos de cada área, materia, coas capacidades de nivel e de etapa. Clarificar a aportación de cada área, materia á consecución dos obxectivos xerais de nivel e de etapa.

- Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras: aprendizaxe cooperativo titoría entre iguais, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.
- Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. Traballo autónomo, actividades dirixidas...
- Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.
- Posibilidade de prever que nun momento determinado coexistan na aula distintas formas de agrupamento, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.
- Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes materias.
- Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: Adecuar tempos, criterios e procedementos de avaliación; variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información; unificar criterios e procedementos na recollida de información; rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado; diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais.
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Valorar, en todas as actividades, as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que responden aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.
- Permanencia dun ano mais no ciclo

C) O reforzo educativo como medida ordinaria

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do curriculum, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, medida dirixida ao alumnado que presenta dificultades para poder seguir a programación diaria, tanto por defecto como por exceso, pero que non se aparta dos obxectivos xerais programados para o nivel no que está escolarizado.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas polo titor ou polo profesorado de área co coñecemento do titor/a podendo solicitar asesoramento do Departamento de Orientación e /ou do especialista de P.T.

O titor deberá comunicalo ao equipo directivo e ás familias e deberá facelo constar nas actas de avaliación, nos boletíns de informe de avaliación ás familias e no historial académico do alumno/a

Modalidades de reforzo educativo

Segundo as características do alumnado a quen vai dirixido diferenciamos dous tipos de reforzo:

- **Reforzo educativo sen apoio** elaborado e proporcionado polo titor/a ou polo profesorado de área, para os alumnos que presentan dificultades para seguir a programación ordinaria, podendo solicitar o asesoramento do Departamento de Orientación e/ou do profesor /a de apoio.
- **Reforzo educativo con apoio** proporcionado polo profesorado dispoñible(Orde do 22 de xullo de 1997, capítulo IV, punto 2.1.9.) ou polos especialista en P.T ou de A.L. e , dependendo das necesidades que presente un determinado alumno ou do nivel no que está escolarizado, levarase a cabo **dentro ou fóra dea aula**

Dentro da aula ordinaria colaborando co profesor e prestando a axuda necesaria a un determinado alumno/a ou a un determinado grupo que presenta as mesmas necesidades educativas.

Fóra da aula ordinaria en casos excepcionais cando sexa preciso un traballo individual que non se poida levar acabo dentro da aula ; nestes casos os horarios serán elaborados polas especialistas que van a realizar o apoio e a orientadora e terase en conta o horario da aula ordinaria na que está escolarizado o alumno/a para intentar non realizar o apoio en:.E. Física, Música, Plástica, Relixión/atención educativa)

D) A permanencia dun ano máis no mesmo ciclo

Esta medida só se adoptará cando non dean resultado outras medidas de atención á diversidade. A repetición de curso debe entenderse como un medio de recuperación e, polo tanto, deberá programarse ou organizar un plan de traballo que permita ao alumno/a superar a problemática que presenta.

Esta medida só se pode adoptar unha sola vez na etapa de E. Primaria cando non dean resultado as medidas de reforzo. e aconsellable que a citada medida se realice, no caso de ser necesaria, no 1º ciclo .

F) Outras medidas de reforzo

Dependendo das necesidades detectadas e dos recursos cos que se conte, cada curso escolar poderanse tomar outro tipo de medidas tales como:

- ✘ *Programas de enriquecemento curricular..*
- ✘ *Programas de reforzo nas áreas instrumentais.*
- ✘ *Programas de habilidades sociais.*
- ✘ *Programas para o desenvolvemento da autoestima.*
- ✘ *Programas relacionados coa convivencia escolar.*

6.1.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son as medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo e , de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Só se aplicarán despois de esgotar as medidas ordinarias e non resultaron suficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a correspondente autorización da

dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do Departamento de Orientación.

Sen prexuízo das normativas reguladoras de cada etapa ou ensinanza, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade as seguintes:

A) MEDIDAS CURRICULARES

A Adaptación Curricular significativa (ACs)

Para o alumnado con NEAE que presente un atraso curricular de máis dun ciclo ou de dous cursos que afecte á maioría das áreas ou materias e que lle impida seguir o currículo establecido. **O proceso de elaboración e avaliación dunha ACI seguirá o prescrito na Orde do 6 de outubro de 1995 e a do 23 de novembro de 2007 e os criterios de de avaliación serán os establecidos na propia**

B) MEDIDAS ORGANIZATIVAS

A flexibilización do período de escolarización

O alumnado con NEE e o alumnado con altas capacidades poderá ser obxecto de medidas de flexibilización do período de escolarización tal e como se recolle na Orde de 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 de xaneiro de 2003) para os que presentan NEE e na Orde do 28 de outubro de 1996 (DOG do do 28 de novembro 1996) para o alumnado con altas capacidades. Para poder levar a cabo esta medida será preciso que previamente se aplicasen outras medidas previstas para este tipo de alumnado.

Na educación Infantil poderase aumentar un ano máis con respecto ao disposto con carácter xeral e **na educación Primaria** poderase aumentar un ano máis con respecto ao disposto con carácter xeral e, no caso de non ter permanecido un ano máis en Educación Infantil, será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

Agrupamentos flexibles.

Grupos de adquisición das lingua. (orde do 20 de febreiro 2004, DOG 26/02/ 2004)

Grupos de adaptación da competencia curricular. (orde do 20 de febreiro 2004, DOG 26/02/2004)

Atención educativa ao alumnado que, por diversas circunstancias, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo: atención domiciliaria e hospitalaria (Orde do 27 de decembro de 2002, DOG de 30 de xaneiro de 2003) Sección II, artigos 47-52)

Tendo en conta que, por unha parte, esta última medida é pouco frecuente e, polo tanto, é máis descoñecida, e por outra que neste centro foi preciso aplicala, considérase importante coñecer como se leva a cabo.

Finalidade: A atención educativa hospitalaria e domiciliaria ten como finalidade principal a de dar continuidade ao proceso formativo do alumnado en escolarización obrigatoria, que por prescripción facultativa non poida asistir de xeito habitual ao seu centro escolar

Profesorado: Os servizos de atención hospitalaria e domiciliaria estarán constituídos por profesorado que formará parte dos centros específicos de educación de adultos ou, no seu defecto, dos institutos de educación secundaria autorizados para impartir ensinanzas de adultos.

Con carácter temporal, a Administración educativa poderá proporcionar esas atencións a través dun profesor do centro ao que pertenza o alumno/a, preferentemente o seu titor, se a participación ten carácter voluntario e non implica o incremento do persoal do centro.

A súa función principal será asegurar, no posible, a continuidade na atención educativa do centro de referencia do alumno/a. Para tal fin os centros educativos, a través do correspondente departamento de orientación, proporcionarán a estes servizos toda a información relativa ao alumno, especialmente a referida a súa competencia curricular, igualmente o responsable desta atención remitirá ao centro de referencia do alumno os informes relativos ao seu progreso, cunha periodicidade mínima mensual e ao finalizar esta modalidade de atención educativa.

Condicións para recibir atención educativa hospitalaria ou domiciliaria:

- × **Prescripción facultativa na que se considere que o alumno non poderá asistir ao seu centro por un período superior a un mes.**
- × **Que o alumno esté matriculado nun centro autorizado de ensino non universitario.**

A solicitude de atención irá acompañada dos debidos informes que a xustifiquen, formularase perante a correspondente delegación provincial pola dirección do centro ao que pertenza o alumno, a instancia dos seus pais ou tutores legais.

Os centros de referencia destes alumnos elaborarán un plan de traballo individualizado, a partir do proxecto curricular de etapa, onde se terá en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.

A elaboración e seguimento dese programa levarao a cabo o titor do alumno en colaboración co correspondente servizo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento Departamento de Orientación. Así mesmo, cando as condicións do alumno así o requiran, o equipo de orientación específico proporcionará o apoio necesario para levar a cabo esas tarefas.

As atencións educativas establecidas para a atención hospitalaria e domiciliaria poderán ser de aplicación , en liñas xerais e coas correspondentes adaptacións , ao alumnado que se atope en condicións legais de internamento en réxime pechado ou terapéutico , por aplicación do artigo 7 da lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro

A súa función principal será asegurar, no posible, a continuidade na atención educativa do centro de referencia do alumno/a. Para tal fin os centros educativos, por medio do correspondente departamento de orientación, proporcionarán a estes servizos toda a información relativa ao alumno, especialmente a referida a súa competencia curricular, igualmente o responsable desta atención remitirá ao centro de referencia do alumno os informes relativos seu progreso, cunha periodicidade mínima mensual e ao finalizar esta modalidade de atención educativa.

7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

A proposta da organización da atención ao alumnado por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe e , de ser o caso doutros profesionais específicos, como pode ser os de Educación Compensatoria e o os de apoio ao alumnado hipoacúsico, será realizada pola xefatura do departamento de orientación, de acordo cos criterios establecidos neste plan, coa colaboración do profesorado especialista e cos titores do alumnado que precisa de atención.

Tendo presente como referentes os principios de integración e normalización , unha vez detectado o

alumnado con N.E.E. mediante a correspondente avaliación psicopedagóxica, o profesorado de P.T. e de A.L xunto co orientador/a establecerán o horario de atención así como as distintas modalidades. A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a posibles modificacións ó longo do curso segundo sexa a evolución do alumnado e as necesidades que poidan detectarse ao longo do curso escolar.

En función dos recursos cos que se contan e número total de alumnado, a principios de cada curso escolar determinaranse as medidas a adoptar e elaboraranse os correspondentes horarios.

A) Recursos

– Todo o profesorado do centro, en tanto que dá resposta a toda a diversidade do alumnado: Claustro, Comisión pedagóxica (CCPP).

– Profesorado titor.

– Profesorado especialista das distintas materias.

– Profesorado de apoio: Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).

– En Educación Infantil existen dúas profesoras de apoio que reforzan a tarefa educativa cotiá nas diferentes aulas e nas actividades específicas como

psicomotricidade. Así mesmo, atenden aos alumnos que manifestan un proceso madurativo máis lento.

– Departamento de Orientación (DO).

– Equipo directivo.

– Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas especiais do alumnado.

– Administración Educativa.

– Outros: Servizos Sociais, Servicios médicos...

É necesaria unha total coordinación de todos os recursos humanos existente nos diferentes ámbitos profesionais que podan incidir no campo educativo. A actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que

B) Criterios

- O criterio xeneral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos a cada etapa educativa.

- Naqueles casos de NEAE o diagnóstico da orientadora do centro debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

- O alumnado que aínda non teña un desfase dun ciclo, por non habelo cumprido, pero que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir apoio estable de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe. Estes alumnos/as estarán relacionados con alumnado con moi baixa estimulación familiar para o fomento da aprendizaxe, con graves dificultades desde o primeiro curso para acceder ás áreas instrumentais, con dificultades graves para manter e afianzar aprendizaxes, con dificultades de articulación ou fluidez na linguaxe espontáneo e con bagaxes moi pobres nas áreas da linguaxe oral principalmente.

- Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma.

- Os apoios se impartirán preferentemente durante as áreas das linguas, matemáticas ou coñecemento do Medio, e non en E. Física, Plástica e Música.

- As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

- O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:

- A resposta educativa que precise o alumno/a con NEAE non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas (alumnado con desfase curricular considerable).
- Alumnado que teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media hora.
- Alumnado de distintas aulas agrupado nunha mesma sesión.
- Alumnado con descoñecemento das linguas da comunidade.
- Alumnado de 2º e 3º ciclo que non domine as técnicas instrumentais básicas.

- Os apoios fóra da aula non excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.

-En xeral, o alumnado que reciba apoio de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración, xa que, deberemos ter en conta que, desde a concepción integradora, a permanenciado alumnado no seu grupo-clase é fundamental, posto que as aprendizaxes non se reducen unicamente ao ámbito académico.

- Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e das medidas tomadas, introducíndose as medidas correctoras oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.

Unha das tarefas que a priori é garantía de éxito, é establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto

Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais é o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as

B) Criterios prioritarios para recibir atención por parte do/da especialista en P.T.

1º. Priorizarase a atención ao alumnado con NEE (TXD, autismo, discapacitados cognitivos...)

2º. Atenderase e ao alumnado con ACs.

3º Continuarase cos apoios iniciados priorizando ao alumnado de cursos baixos.

4º. Atenderase posteriormente ao alumnado con NEAE que presente desfase curricular e cando xa están esgotadas outras medidas de atención á diversidade. Este apoio poderá ser transitorio no caso de que o alumno supere as dificultades que presentaba

4º. Atenderanse preferentemente aos alumnos que presentan maiores dificultades nas áreas básicas.

4º Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo esa atención, sempre e cando non aparezan casos de maior gravidade.

De ser preciso realizar os apoios fóra da aula ordinaria levarase a cabo no horario do titor/a e co expreso consentimento dos pais do alumno/a.

Os apoios non se levarán a cabo en horas das especialidades, agás, cando non sexa posible pola imposibilidade de atención noutras horas.

C) Criterios prioritarios para a atención por parte do/da especialista en A.L.

- Atenderanse preferentemente os trastornos específicos da lingua oral (atrasos severos da linguaxe, atrasos simples da linguaxe e trastornos da fala: dislalias, disglosias, disfemias...) e despois as alteracións da linguaxe escrita.
- No caso de existiren maior número de alumnos/as dos que se poidan atender, darase prioridade os que presentan maior problema.
- Considérase que o alumnado de 6º de E. Infantil e o do 1º nivel do 1º ciclo de E. Primaria deben ser de atención prioritaria coa finalidade de que se consoliden os problemas .
- Darase preferencia os/as alumnos/as procedentes doutros países que presenten alteracións da linguaxe.
- No 1º e 2º nivel do 2º ciclo de E.I. (3 anos e 4 anos) só se atenderán casos excepcionais nos

que o diagnóstico aconselle unha intervención temperá, priorizando outro tipo de intervencións (asesoramento as familias, aplicación de programas de estimulación de linguaxe...)

- O alumnado poderá ser agrupado segundo as necesidades que presente e tendo en conta o criterio do/da especialista.
- Cando o diagnóstico así o aconselle a recuperación farase individualmente.
- A duración das sesións non excederá de 20 minutos.

D) Agrupamentos e criterios para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais

- Para face-los agrupamentos reuniranse o equipo de nivel coa xefa de estudos e a orientadora.
- Tratarase de que os grupos resulten o máis equitativos, tendo en conta as características do alumnado con n.e.e.
- Valoraranse os casos especiais que poidan coincidir nun mesmo grupo evitando, dentro do posible, a coincidencia nun grupo de alumnos con problemas conductuais, dificultades de aprendizaxe...

E) Outras orientacións sobre medidas organizativas e apoios

Os reforzos e apoios educativos serán realizados por profesorado con dispoñibilidade

Intentarase que a distribución das sesións de apoio ao longo da semana sexa equilibrada.

Propiciarase que o número de profesionais que incidan nun grupo sexa o menor posible .

Procurarase que os apoios sexan o máis estables posibles tendo en conta as características de cada caso, tanto no referente aos profesionais participantes como á temporalización dos mesmos.

F) Promoción

Cando un alumno/a permaneza un ano máis nun ciclo deberán adoptarse medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular, segundo establece a lei, para que non se reproduzan as condicións que provocaron os desaxustes.

Ó finaliza-la etapa de E. Primaria a xefa do departamento elaborará un informe individualizado dos alumnos/as con n.e.e que se remitirá, xunto co resto de documentación, ó centro de E. Secundaria onde vaia a continuar os seus estudos.

G) Atención ás familias.

O tutor/a deberá informar ás familias dos alumnos/as cos que se adopten medidas de atención á diversidade (RE. ou ACIs.). No caso de que os alumnos/as que teñan que recibir apoio dos/as especialistas (P.T, A.L) a información será coordinada pola xefa do departamento de orientación.

8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓMS DOS DISTINTOS PROFESONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

7.1. Profesorado titor

O profesorado titor, figura de referencia da totalidade dos alumnos e alumnas da súa aula, actuará como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable de relación coas familias.

A implicación do titor no proceso de ensinanza e aprendizaxe de todos os seus alumnos é básica e nunca pode ser suplantada pola intervención doutros profesionais.

Serán funcións do titor:

– Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe de Estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.

– Segundo a orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 30 de novembro), o titor realizará a avaliación inicial

ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.

– Así mesmo o profesorado titor colaborará co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e atenderá ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración de adaptacións curriculares coa colaboración do resto do profesorado ordinario que atende ao alumno, o profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora.

– Facilitar a integración dos alumnos no grupo.

– Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.

– Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo con Pedagogía Terapéutica., Audición e Linguaxe. e resto de profesorado que interveñen directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun ciclo a outro.

– Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades educativas sobre todo aquilo que lles concirna en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

7.2. Profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe

As funcións do profesorado de P.T. e de A.L. son:

– Atención directa docente ao alumnado con NEAE que así o requira.

– Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.

– Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con NEAE No caso do especialista de AL, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.

– Colaboración co Departamento de orientación na elaboración do plano de actuación respecto ó alumnado con NEAE

– Colaboración co profesor titor e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares

e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.

– Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con NEAE, así como os pais destes alumnos/as.

– Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado co necesidades educativas especiais.

– Participación nas sesións de avaliación

– Ademais o profesorado de Audición e Linguaxe:

– Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria.

– Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

7.3. Departamento de Orientación

– Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.

– Coordinar a atención ao alumnado con NEAE xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio (xefatura do departamento)

– Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

– Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.

– Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (xefatura do departamento)

– Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.

- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Participar nas sesións de avaliación (xefatura do departamento)
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas (xefatura do departamento)

7.4. Equipo Directivo

- *Impulsar propostas* e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas.

7.5. Comisión de coordinación pedagóxica

- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de Orientación Educativa, o Plan de Convivencia Escolar se realicen conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo, do Plan de Atención á Diversidade e o resto anteriormente citado.
- Servir de intermediaria entre as propostas do claustro e do ciclo. Os representantes de cada ciclo elevarán as propostas do mesmo á comisión e viceversa, unha vez discutidas na Comisión pedagóxica

elevantarse ao claustro que aprobará ou non as mesmas.

Cadro resume das principais medidas e actuacións dos diferentes profesionais

<i>PROFESIONAL</i>	<i>MEDIDA</i>	<i>ACTUACIÓN</i>
<i>Profesorado titor</i>	<i>Plan de Acción Titorial</i>	Posta en práctica, seguimento e valoración
	<i>Programación de aula</i>	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración
	<i>Xunta de avaliación do seu grupo</i>	Presidir, coordinar e levantar acta
	<i>Plan de Acollida e Adaptación</i>	Concreción e implementación
	<i>ACs. Reforzo Educativo</i>	Coordinación, elaboración e implementación
	<i>Avaliación Psicopedagóxica</i>	Solicitud ao DO, Información ás familias Colaboración co DO.
	<i>Apoios educativos</i>	Colaborar na organización. Atención directa
<i>Mestres sen tutoría</i>	<i>ACs. Reforzo Educativo</i>	Elaboración e implmentación
	<i>Avaliación Psicopedagóxica</i>	Colaboración
	<i>Apoios educativos</i>	Colaborar na organización. Atención directa
<i>Mestre de apoio PT, AL</i>	<i>ACs RE</i>	Colaborar na organización . Atención directa
	<i>Avaliación Psicopedagóxica</i>	Colaboración
<i>Xefatura do DO</i>	<i>ACs RE</i>	Asesoramento e colaboración na elaboración

	<i>Apoios educativos</i>	Elaboración da proposta de organización dos mesmos
	<i>Plan de Orientación</i>	Redacción e concreción das actuacións da xefatura para o curso
	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Redacción das concrecións anuais
Equipo Directivo	<i>Programacións curriculares</i>	Inclusión na PXA
	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Responsable do desenvolvemento seguimento e avaliación
	<i>Medidas extraordinarias de Atención á Diversidade</i>	Autorización ou solicitude de autorización onde corresponda
Comisión de Coordinación Pedagóxica	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Elaborar directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade
Departamento de Orientación	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Elaboración e concreción anual Implementación
	<i>Plan de Orientación</i>	Elaboración e concreción anual Implementación
	<i>Plan de Acción Titorial</i>	Seguimento e valoración
Xunta de Avaliación	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Propoñer ao alumnado que deberá seguir unha ACs no seguinte ciclo e asegurarse de que se cumpren os requisitos para tal decisión. Propoñer cambios na adscripción do alumnado no cambio de ciclo

Claustro	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Propoñer o plan ao consello escolar
Consello Escolar	<i>Plan Xeral de Atención á Diversidade</i>	Aprobación

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

A) Coordinación e colaboración internos

- ✓ Reunións de ciclo.
- ✓ Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ✓ Reunións do Departamento de Orientación.
- ✓ Reunións do Claustro de profesores.
- ✓ Reunións de coordinación da xefa do departamento coas especialistas de P.T e de A.L.
- ✓ Reunións do Consello escolar.
- ✓ Reunións dos titores/as cos pais/nais dos alumnos/as.
- ✓ Reunións dos equipos de : TICs, Biblioteca, Dinamización lingüística, Convivencia...

B) Coordinación e colaboración co centro ao que estamos adscritos “IES Otero Pedrayo”

A coordinación e colaboración co IES ten como principal obxectivo o establecemento de accións que favorezan o tránsito da etapa de Educación Secundaria.

Realízanse as seguintes coordinacións/colaboracións:

- Asistencia trimestral da xefa do departamento, segundo convocatoria da xefatura do departamento do IES , ás reunións do Departamento.
- Organización/ participación na xornada de acollida do alumnado do 2º nivel do 3º ciclo.
- Organización/colaboración nos encontros que cada curso se realizan entre as titoras do 2º nivel do 3º ciclo e os xefes do departamento de lingua e matemáticas do IES coa finalidade de coordinar e acordar as competencias básicas que se consideran fundamentais para o paso a

Secundaria.

- Encontros puntuais para aportar información sobre o alumnado que pasa a Secundaria.

10. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

“Sólo se entende a cultura da diversidade desde o paradigma da cooperación traballando en sintonía familia-escuela, por tanto o mellor modo de educar ao alumnado do

colegio é compartíndose esta responsabilidade coa familia”López Melero, Miguel (1999: 54)

Como ben di López Melero, Miguel (2003) “... a escola da diversidade require un traballo cooperativo entre a familia e a escola” e apunta algunhas das bases para a acción conxunta que deben partir a comunicación (establecer canles), contacto, respecto, colaboración (complicidade, apoio mutuo), participación, asumir roles...

A importancia da participación e colaboración familiar non é discutible, pero é evidente que isto non pode producirse de forma aillada e espontánea, de ahí a necesidade de que sexan os centros escolares os que organicen e sistematicen esta participación , é o centro, os seus profesionais , os que deben favorecela.

Os mestres titores do alumnado serán os interlocutores ante a familia, pero esta poderá solicitar a asistencia doutros profesionais da comunidade educativa : xefe de estudos, director/a, especialistas, orientadora...

A) Canles de comunicación e colaboración coas familias do alumnado.

- ✓ Reunións colectivas do titor/a con todos os pais/nais do seu grupo de alumnos.
- ✓ Reunións individuais coa familia dun determinado alumno (titorías)
- ✓ Axenda viaxeira, onde o alumno/a anota as actividades a realizar na casa e que serve de medio de comunicación do profesorado coas familias.
- ✓ Contactos telemáticos.
- ✓ Circulares informativas de carácter xeral
- ✓ Cartas informativas de tipo individual (comunicación de falta de orde, de faltas de asistencia)

B) Canles de colaboración e comunicación cos diferentes servizos externos ao centro

- ✓ Reunións puntuais e/ou contactos telemáticos con profesionais do CHUAC (Atención Temperá, Saúde Mental, Foniatría, Neuroloxía...)
- ✓ Reunións puntuais e/ou contactos telemáticos con profesionais dos Servizos Sociais (educadoras e traballadoras sociais, psicólogos do GOF, Centros Tutelar de Menores...)
- ✓ Reunións puntuais e/ou contactos telemáticos con outros profesionais externos que están a intervir con alumnos do noso Centro.
- ✓ Servicio de Inspección Educativa.
- ✓ Equipo de Orientación Específico.

11. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, o titor/a deberá informar á familia, podendo contar coa colaboración do Departamento de Orientación, iniciándose as accións necesarias segundo o contemplado na normativa vixente:

- Adaptacións Curriculares individualizadas (*Orde do 6 de outubro de 1995 e a do 23 de novembro de 2007*)
- Grupos de adquisición de linguas (*Orde do 20 de febreiro de 2004*)
- Grupos de adaptación da competencia curricular (*Orde do 20 de febreiro de 2004*)
- Medidas de flexibilización da duración do período de escolarización obrigatoria para alumnado con NEE (*Orde do 27 de decembro de 2002*)
- Medidas de flexibilización da duración do período de escolarización obrigatoria para alumnado con altas capacidades (*Orde do 28 de novembro de 1996*)

A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou desconformidade coa medida proposta.

Estarase ao disposto nos seguintes Protocolos establecidos pola Consellería de Educación:

- **Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos.**
- **Protocolo de identidade de xénero.**
- **Protocolo de protección de datos.**
- **Protocolo de consenso sobre o TDAH.**

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO , AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

1. Avaliación do plan

A avaliación do plan realizarase a finais de curso por parte do departamento de orientación e tendo en conta:

- Os datos aportados polos coordinadores dos ciclos.
- Os datos aportados polo profesorado de apoio.
- Os datos aportados polo orientador.
- No caso de ser preciso poderanse realizar as modificacións necesarias que nos leven a un mellor funcionamento. Tales modificacións reflectiranse por escrito explicando as causas polas que se fan

2. Seguimento e mellora do plan

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

Corresponde á Comisión Pedagóxica o seguimento do Plan de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as aportacións do Departamento de Orientación.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.
- Avaliación do plan propiamente dito.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual,

preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións de ciclo.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Si as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito

A Coruña, de de .2012

A xefa do departamento

